

*Acompañando na aventura de
crecer. Xornadas para familias e
profesionais*

Memoria descriptiva do proxecto

Premio á innovación bibliotecaria de Galicia

2022

1. DESCRIPCIÓN PORMENORIZADA DO PROXECTO

Acompañando na aventura de crecer. Xornadas para familias e profesionais (2022)

A Biblioteca do Porriño ten destacado nos últimos tempos polo desenvolvemento de programas formativos que a reafirman como espazo de aprendizaxe, encontro e inserción social. Neste contexto foron numerosas as accións postas en marcha no pasado, buscando incidir nun aspecto determinado desta a súa vocación social.

Para o 2022 a biblioteca porriñesa manifesta o seu compromiso social de traballar no ámbito da crianza e a saúde a través do proxecto ***Acompañando na aventura de crecer***, co obxectivo de promover o benestar para todas as persoas. Responde, así, ao obxectivo nº 3 da “Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible”, auspiciada pola ONU, que lle propón aos centros bibliotecarios apoiar no acceso público á información sobre saúde e benestar (**art. 16. e**)).

A “Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible” representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais do planeta, poñendo no centro as persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A Axenda pretende avanzar cara a sociedades máis inclusivas, con maior cohesión social, a través de 17 obxectivos de desenvolvemento sostible que cobren todas as políticas públicas, propoñendo accións determinadas a toda a sociedade.

Para levar a cabo este compromiso, a biblioteca do Porriño puxo en marcha este proxecto denominado ***Acompañando na aventura de crecer***, baseado nunhas xornadas divulgativas para familias e profesionais.

As xornadas

Nestas xornadas, organizadas pola biblioteca municipal, abórdouse, desde diferentes puntos de vista, como podemos implicarnos no correcto desenvolvemento das nosas fillas e fillos desde que nacen e na súa primeira etapa infantil, para favorecer unha vida adulta máis saudable e enriquecedora.

Desde diferentes perspectivas profesionais, tratáronse varios temas de suma importancia para o desenvolvemento infantil, que funcionan como termómetros para avalialo: a linguaxe, o movemento, as emocións ou a visión, entre outros.

Ofreceuse valiosa información que, desde o coñecemento actual que nos brinda a ciencia, permite acompañar nesta etapa primordial e que supón as bases do equilibrio vital para afrontar diferentes retos na súa vida adulta.

Grazas á neurociencia, sabemos que ter unhas coidadoras e coidadores principais como referentes e un variado número de experiencias sensoriais lle brindará ás cativas

e cativos as oportunidades para que poidan acadar o seu óptimo desenvolvemento e o máximo potencial.

Todo isto, exposto desde a sinxeleza das experiencias vitais que nos ofrece o día a día e coa atención posta nos detalles importantes, que a miúdo pasan desapercibidos polo remuíño de ofertas e o ritmo estresante ao que estamos expostas/os.

Unha oportunidade única para entender mellor o desafío que supón o desenvolvemento do cerebro infantil e cal é o noso papel como coidadoras/es, sexamos as súas figuras referentes, as persoas que atendemos as súas necesidades en momentos puntuais ou profesionais da materia (**art. 16. c)**). Porque o noso xeito de comunicarnos coas crianzas tamén as condiciona.

2. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS

Desenvolvemento e calendarización

As xornadas leváronse a cabo os segundos venres de cada mes dende xaneiro a xuño de 2022, ás 18:30 h. Co obxectivo de implicar a comunidade no deseño e desenvolvemento deste proxecto, reunímonos coas/cos profesionais do **Centro de Saúde do Porriño** (asistentas/es sociais, matrona e pediatras) e **centros educativos locais**, sacando en conclusión, trala súa consulta con nais e pais, que o horario establecido era o adecuado para unha boa conciliación familiar(**art. 16. b)**); a pesar de que o persoal de biblioteca non consideraba, en principio, que o venres fose o día máis apropiado.

Ademais, para todas as sesións, a biblioteca proporcionou un servizo de acompañamento infantil, onde as nais e pais que o desexaron puideron deixar as súas fillas e fillos na sala infantil da biblioteca, con toda a seguridade, durante as conferencias. O servizo de acompañamento incluíu animación infantil para entreter as nenas e nenos, aproveitando para mostrarlles o fondo bibliográfico da biblioteca municipal.

Durante as xornadas tamén se habilitou un correo electrónico (xornadasbibliotecas@oporrino.org) onde as persoas interesadas puideron contactar coa Biblioteca Municipal, ou adiantar as súas inquedanzas e intereses, para resolver na charla pertinente.

Esta iniciativa serviu, ademais de para difundir estas xornadas, para achegarnos ás necesidades das familias e coñecer de antemán as súas inquedanzas sobre o tema a tratar, rompendo a barreira do medo escénico e a timidez das persoas asistentes (**art. 16. d)**).

O programa das xornadas ***Acompañando na aventura de crecer*** foi o seguinte:

- Primeira sesión: venres 14 de xaneiro
Impacto das pantallas no desenvolvemento cognitivo, por María Couso Barja

- Segunda sesión: venres 11 de febreiro
Entende como crece, por Vanesa Gómez Gándara
- Terceira sesión: venres 11 de marzo
Aprende a ver como ve, por Antía Blanco Bernárdez
- Cuarta sesión: venres 8 de abril
O xogo a través dos sentidos, por Mari Carmen Vaqueiro Álvarez
- Quinta sesión: venres 13 de maio de 2022
Imos quereremos ben, por Vanessa Cortegoso Díaz
- Sexta sesión: venres 10 de xuño de 2022
Desde lactar ata falar, todo un camiño de comunicación, por Eva López Domínguez

Contido das conferencias

Conferencia: *Impacto das pantallas no desenvolvemento cognitivo*

Imparte: María Couso Barja

Data: 14 de xaneiro de 2022

Hora: 18.30

Moitas familias e profesionais, levadas pola falsa crenza de que a tecnoloxía é sinónimo de desenvolvemento, introducen as súas fillas e fillos no mundo dixital a idades prematuras, inferindo que os seus cerebros son diferentes do dos nosos avós. A través desta conferencia, coñeceremos cal é o impacto no desenvolvemento cognitivo a todos os niveis do uso das pantallas na infancia e por que é importante intentar retrasar este uso cunha base totalmente rigorosa e científica.



María Couso Barja é unha Pedagoga e mestra, que leva desenvolvendo a súa paixón pola educación desde hai 16 anos. Intervén no proceso de mellora da aprendizaxe en nenas e nenos

con dificultades neste ámbito e axuda á inserción no sistema doutras/os adoptadas/os no estranxeiro por familias galegas.

Desde 2019 ofrece formacións ao profesorado e ás familias de forma aberta por todo o territorio nacional co seu proxecto en modalidade presencial “Cerebro e Xogo”, que promove o uso dos xogos de mesa como ferramenta de aprendizaxe (ABX) e facilita o seu achegamento pola rede social de Instagram a través do perfil Play.FunLearning. Paralelamente, imparte formación sobre competencia lingüística e matemática, así como sobre desenvolvemento cognitivo en universidades, foros de educación nacionais e centros de formación docente.

Conferencia: *Entende como crece*

Imparte: Vanessa Gómez Gándara

Data: 11 de febreiro de 2022

Hora: 18.30

O contido da charla foi o desenvolvemento motor normal na primeira infancia, falouse sobre os principais fitos de cada etapa e explicouse como acompañar os bebés en cada momento, así como algunhas claves para detectar calquera problema de maneira precoz.



Vanesa Gómez Gándara é fisioterapeuta colexiada. Especialista en pediatría, con formación en fisioterapia respiratoria, desenvolvemento motor, problemas dixestivos e terapia manual.

Imparte talleres de formación para familias, en colaboración coas matronas nos talleres prenatais e postnatais. Na súa imparable curiosidade por aprender, actualmente leva a cabo a formación “Método B-B”, unha disciplina integradora no tratamento cos bebés. Ademais, organiza charlas sobre masaxes infantís e é asesora de lactancia e porteo, entre outras.

Conferencia: *Aprende a ver como ve*

Imparte: Antía Blanco Bernárdez

Data: 11 de marzo de 2022

Hora: 18.30

Nesta conferencia falamos de canto e como ven as nenas e nenos nas diferentes etapas polas que pasan desde o seu nacemento. As/os asistentes puideron comprender os comportamentos e limitacións para saber, así, acompañar o seu desenvolvemento visual en cada momento. Este coñecemento serve de axuda, tamén, para detectar precozmente posibles interaccións da visión nas súas aprendizaxes.



Antía Blanco Bernárdez é diplomada e graduada en Óptica e Optometría pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Investigación en Ciencias da Visión e Alta Especialización en Optometría Comportamental e Terapia Visual. Premio de fin de carreira á Excelencia Académica da Comunidade Autónoma de Galicia. Fundadora e directora

clínica do Centro Videre. Apaixonada da investigación optométrica, a divulgación e o día a día no seu centro cos seus pacientes. Ademais, é socia clínica e membro da actual Xunta de SIODEC (Sociedade Internacional de Optometría do Desenvolvemento e o Comportamento).

Conferencia: *O xogo a través dos sentidos*

Imparte: Mari Carmen Vaqueiro Álvarez

Data: 8 de abril de 2022

Hora: 18.30

Unha precisa e axeitada integración sensorial senta as bases para a percepción e o movemento, a regulación e o dominio dunha gran cantidade de habilidades para a vida. Nesta xornada aprendeuse como fomentar, a través do xogo, un bo procesamento sensorial nos nosos bebés, fundamental para a aprendizaxe e a saúde ao longo do seu desenvolvemento.



Mari Carmen Vaqueiro Álvarez é terapeuta ocupacional especializada en infancia e en integración sensorial pola Universidade do Sur de California. Está en continua formación en áreas que enfocan un modelo transdisciplinario. Apaixonada da natureza e dos seus beneficios, fundou un centro de estimulación innovador no Porriño (“Inquedanzas”), onde actualmente dirixe un equipo multidisciplinario de profesionais e no que acompaña ás crianzas e ás familias.

Conferencia: *Imos Querermos ben*

Imparte: Vanessa Cortegoso Díaz

Data: 13 de maio de 2022

Hora: 18.30

O tipo de apego e o estilo de crianza familiar inflúen no desenvolvemento psicosocial da/o nena/o e da persoa adulta. Aprende a validar as súas emocións e a acompañala/o na súa aprendizaxe de autorregulación e autonomía.



Vanessa Cortegoso Díaz é Psicóloga especializada en trauma e apego. Máster en Neuropsicoloxía, Terapeuta EMDR e Neurobiofeedback. Facilitadora en disciplina positiva e crianza respectuosa.

Conferencia: *Desde lactar ata falar, todo un camiño de comunicación*

Imparte: Eva López Domínguez

Data: 10 de xuño de 2022

Hora: 18.30

Charla evolutiva desde a importancia da lactación nun inicio e os seus beneficios a nivel muscular á hora de desenvolver a linguaxe, e que destrezas son as máis importantes para conseguir unha linguaxe formal e poder comunicarse con calquera persoa.



Eva López Domínguez é diplomada en Logopedia e en Audición e linguaxe pola Universidade da Coruña. Posgrao de atención de calidade e integración en persoas con autismo. Asesora de lactancia, con 18 anos de experiencia como logopeda en diferentes entidades públicas e privadas. Fundadora e coordinadora do centro de estimulación e aprendizaxe Afalar desde 2010. Coidadora de nenas e nenos con discapacidade para a Xunta de Galicia e cunha experiencia profesional que abarca desde o nacemento ata a vellez, con maior énfase na poboación de 3 a 18 anos.

Coordinación das xornadas:



Laura Alonso Coto é óptico-optometrista con formación de posgrao en Optometría Clínica e Terapia Visual. Ampla e continua formación no ámbito do desenvolvemento infantil, así como asistente e relatora en diferentes cursos do ámbito nacional e internacional.

Socia clínica de SIODEC (Sociedade Internacional de Optimetría do Desenvolvemento e o Comportamento) e socia voluntaria de “Abre sus Ojos”, con quen colabora nos programas de avaliación a pacientes con discapacidade intelectual e necesidades visuais.

Actualmente, traballa como profesora impartindo cursos para optometristas coa “Asociación Española de Optometristas Unidos” e dirixe a súa propia consulta de optimetría na clínica “Sastre & Rojo” (Vigo).

#NoMoreMatildas

O movemento #NoMoreMatildas trata de fomentar a vocación científica das nenas coa difusión de mulleres pioneiras e referentes femininos no mundo da ciencia.

A falta de visibilidade que sofren as mulleres en xeral, e especialmente, as científicas é un dos principais obstáculos para romper o teito de cristal. Aínda é preciso visibilizar o papel da muller na sociedade, as súas achegas e o seu potencial, porque a representación feminina é, actualmente, demasiado pequena tanto nos órganos de decisión coma nos actos públicos, así ocorre tamén en diversos sectores empresariais da ciencia, da arte o do deporte. Tamén é menor o espazo destinado ás mulleres nos medios de comunicación, nas redes sociais para temas profesionais, así como o espazo que teñen nas organizacións sociais, na política ou no mundo sindical: en todos os casos a ecuación sempre é desfavorable para elas. Se queren ter as mesmas oportunidades cós homes, debemos conseguir o protagonismo que eles teñen.

A Biblioteca Municipal fomenta o movemento #NoMoreMatildas con un centro de interese situado na sala infantil, polo que non podiamos deixar de ser consecuentes coa nosa selección de conferenciantes e coordinadora, sendo todas mulleres, para axudar á súa visibilidade e colaborar con este movemento que busca a igualdade entre homes e mulleres (**art. 16. e**)).

Centro de interese: Crianza

Tal e como adiantamos ao comezo, a Biblioteca Municipal do Porriño está implicada no compromiso social de traballar no ámbito da crianza e a saúde, polo que puxo en marcha, no ano 2017, o centro de interese Crianza. Este centro ten unha grande acollida por parte das nais e pais e todas as persoas involucradas dalgún xeito, tanto persoal coma profesionalmente no ámbito da crianza, repercutindo directamente no

número de visitas e prestamos, ao tempo que ampliamos o número de socias/os, tanto adultos coma infantís (**art. 16. e**)).

Co motivo destas xornadas fixemos unha inversión económica para enriquecer a colección bibliográfica do centro de interese asesorados polas profesionais participantes (**art. 16. e**)).

Acceso ao centro de interese Crianza da Biblioteca Municipal:

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-shelves.pl?op=view&shelfnumber=10370>

3. AVALIACIÓN DO PROXECTO

Avaliación e publicidade

Ademais dos criterios de avaliación que desenvolveremos a seguir, dunha maneira subxectiva as xornadas sorprendéronos desde a primeira charla pois, en época da COVID-19 (14/01/2022), corenta minutos antes de dar comezo a charla, había unha longa fileira de persoas para asistir; foi a primeira vez na historia do edificio da biblioteca que ocorreu algo semellante (**vid. fotografías nos anexos**).

Sospeitabamos que o tema ía ter boa acollida, tendo en conta outras experiencias pasadas que levamos a cabo nesta temática, mais a aceptación foi superior ao esperado.

Esta acollida mantívose en cada unha das conferencias, mesmo foi en aumento a medida en que se ía coñecendo a programación entre a cidadanía, reafirmando a nosa formulación inicial de realizar as xornadas cunha conferencia ao mes, en lugar de reunilas todas nun día ou nunha semana.

O seguimento e a avaliación do programa leváronse a cabo a través de distintas vías:

- Nivel de asistencia.
- Enquisas de avaliación ás/aos participantes nas actividades.
- Nivel de presenza nos medios de comunicación.
- Estatísticas de visitas e interaccións na páxina web e redes sociais.

Os medios de difusión empregados foron a prensa escrita e dixital xunto coa web da biblioteca, a web do concello e as redes sociais do propio concello, así como a nova páxina do Departamento de Cultura (**art. 16. d**)).

Ademais, difundíuse toda a información na pantalla dixital e na lona promocional do Concello, situadas ambas as dúas en lugares de tránsito poboacional deste Concello, e editáronse folletos divulgativos das xornadas (**véxanse os anexos**).

4. POSIBILIDADES DE PROLONGACIÓN OU MELLORA DO PROXECTO

Adherencia ao proxecto

Tras o éxito acadado nesta primeira edición, somos conscientes de que a crianza, nun concello que ten un índice de natalidade dos máis altos de Galicia, é un tema que ocupa e preocupa a cidadanía. Pensamos, polo tanto, que encontramos unha materia na que hai que seguir investigando.

Temos en conta, ademais, as demandas de máis edicións feitas polas familias asistentes. Polo tanto, estamos valorando se conservar o formato de xornada ou introducir cambios, como obradoiros, para enriquecer os resultados. Con base nisto, pensamos que, para edicións futuras, contaremos coas suxestións da cidadanía a través de enquisas iniciais sobre contido e formato.

5. MÉRITOS ALEGADOS

Os méritos que se desagregan no artigo 16 desta orde (criterios de valoración) fóronse marcando durante a redacción desta memoria, entre parénteses e en letra grosa, de maneira que se facilite a lectura e revisión desta. Así mesmo, a información complementaria referida a ditos méritos pode atoparse nos anexos presentados.

6. LIGAZÓNS Á DOCUMENTACIÓN DE INTERESE SOBRE O PROXECTO

As ligazóns habilitadas deste Concello para acceder a toda a información das xornadas son as seguintes:

- Páxina institucional do Concello do Porriño (<https://oporrino.org/acompanando-na-aventura-de-crecer-xornadas-para-familias-e-profesionais/>)
- Facebook do Concello do Porriño (<https://es-es.facebook.com/ConcellodoPorrino/>)
- Páxina do Departamento de Cultura (<https://ecultura.net/ciclo-de-charlas-acompanando-na-aventura-de-crecer-impacto-das-pantallas-no-desenvolvemento-cognitivo/>)
- Páxina web da Biblioteca do Porriño (<https://bibliotecadoporriño.com/>)

Ademais destas páxinas web, tamén se pode ver información da difusión das xornadas noutros medios nos **anexos** achegados.